

III BTT RUTA VIKINGA

.- DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

- Denominación: III BTT RUTA VIKINGA
- Organizador: Clube Ciclista Torres de Oeste
- Colabora: Concello de Catoira
- Data: Domingo, 26 de xullo de 2026
- Hora: 9 a 15 h.
- Localidade Saída Catoira
- Localidade Chegada: Catoira
- Modalidade: Evento deportivo non federado
- Categoría: Maiores 18 anos

.- REGULAMENTO DA PROBA

1. O Club Ciclista Torres de Oeste, coa colaboración do Concello de Catoira, organiza a III BTT RUTA VIKINGA , que se celebrará o domingo, 26 de xullo de 2026 con saída e chegada na alameda da praia fluvial de Catoira . A saída darase ás 09:00 h. A hora de remate de cada proba será ás 15:00h .
2. A actividade encádrase como proba de Cicloturismo-BTT, que implica un exercicio físico con fins de ocio, turístico ou cultural, polo que se exclúe expresamente a competición. As persoas participantes, coa súa inscrición, manifestan encontrarse fisicamente aptas para a actividade.
3. Todas as persoas inscritas serán consideradas como participantes en excursión persoal, polo que deben aterse ás normas do vixente código de circulación, e deberán responsabilizarse persoalmente das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada, polo que as persoas participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na BTT será de 18 anos.
5. A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puidesen contraer as persoas participantes durante o percorrido.
6. Será imprescindible o uso do casco para participar na marcha.
7. Non está permitido levar animais de compañía no transcurso da actividade.
8. Só será considerada participante da III BTT Ruta Vikinga, a persoa que cubra total e correctamente a inscrición a través da web **cronotec.es**
9. O prezo da inscrición será de 18 € para todas as persoas participantes na proba de BTT. O pagamento deberá facerse no momento da inscrición.
10. O número máximo de participantes será de 300.
11. As inscricións consideraranse definitivas, polo que unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar, non se realizará a devolución do seu importe.
12. As inscricións pecharáanse o mércores 22 de xullo de 2026 ás 23:59 h. ou cando a organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.

13. As comunicacións da organización faránse polos seguintes medios: Páxina web do evento en cronotec.es Páxina web do Concello de Catoira e redes sociais do Club Ciclista Torres de Oeste
14. Estableceránse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunha hora prefixada. No caso de superar os horarios, a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
15. A organización resérvase o dereito a modificar horarios e/ou percorridos, así como a aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade. No caso de que para o día da celebración da proba se decreta unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente. Buscaráse unha data adecuada para desenvolvela e non se devolverán os cartos da inscrición.
16. A organización disporá dos servizos de asistencia sanitaria, ambulancia e Protección Civil durante o transcurso da marcha
17. Disporáse dun ou varios avituallamentos .
18. Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas ó rematar a proba.
19. O Club Ciclista Torres de Oeste garante o pleno cumprimento da Lei orgánica de protección de datos (LOPD). A persoa inscrita queda informada e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes no Club e ao seu tratamento para utilizalos en relación con xestións administrativas ou comerciais. A persoa inscrita pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixido ó Club, ao acceso, rectificación ou á cancelación destes datos.
20. A actividade conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes colectivos coas coberturas reguladas polo RD 849/1993, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.
21. A inscrición leva consigo a aceptación deste regulamento e implica obrigatoriamente que a persoa participante lle autoriza á organización da proba a gravación total ou parcial da súa participación nesta e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da proba de todos os xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, Internet e redes sociais...). Para iso cederá todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito a recibir compensación algunha.
22. A inscrición, ademais do indicado no punto anterior, supón aceptar as normas da organización e renunciar a todos os dereitos contra a organización, patrocinadores e colaboradores dos danos que poida sufrir no seu transcurso.
- 23-A III BTT Ruta Vikinga contara con dúas distancias diferentes .
- Ruta curta de 38km con un desnivel de 800 +-
- Ruta longa de 52 con un desnivel de 1400 +-
24. O Club Ciclista Torres de Oeste fara entrega de trofeos ó remate da proba nas seguintes modalidades:
- Femenina ruta curta e longa: 1º, 2º e 3º posto
 - Masculina rutas curta e longa : 1º, 2º e 3º posto
 - O club de máis lonxe (entendemos por club 3 ou mais participantes)

- O club máis numeroso
- Quedaran exentas de trofeos (nas categorías masculina e feminina) as persoas que completen os diferentes recorridos en E-BIKE.